



## **BASES ESPECÍFICAS POLAS QUE SE REGULA A CONCESIÓN DE SUBVENCIONS PARA ACTIVIDADES CULTURAIS E DEPORTIVAS EXERCICIO 2014.**

### **PRIMEIRO.- OBXECTO E FINALIDADE DA SUBVENCIÓN**

Estas bases teñen por obxecto establece-los criterios e os procedementos para a concesión de subvencións municipais dirixidas á promoción do asociacionismo no Concello de Castroverde, e á promoción das tradicións e os valores culturais propios de Castroverde, así como o apoio e promoción do deporte no Concello, de acordo cos principios de publicidade, transparencia, obxectividade, libre concorrència, non discriminación e igualdade, para a prestación de servizos e a realización de actividades que complementen ou suplan ás atribuídas á competencia municipal; ou que, en xeral contribúan ó fomento dos intereses xerais ou sectoriais dos veciños do municipio.

Os fins indicados anteriormente efectuaranse de conformidade coa normativa aplicable especialmente prevista nos artigos: 25 da lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local; 294 da lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local; 40.2 do Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei das Facendas Locais; e 23 e seguintes do regulamento de servizos das corporacións locais, lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións; Real Decreto 2225/1993, do 17 de decembro, en canto non se opoña a ésta última; Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; e o Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento de desenvolvemento da Lei xeral de Subvencións. Asimesmo serán de aplicación a ordenanza xeral de subvención parobada polo Pleno da Corporación na sesión de 28 de xaneiro de 2010, publicada no BOP nº 80, de 10 de abril de 2010, e as Bases de execución do orzamento municipal.

### **SEGUNDA.- ACTIVIDADES SUBVENCIONABLES**

O Concello, por medio dos procedementos previstos nesta ordenanza, poderá conceder subvencións nas seguintes áreas:

- a) Cultura: teatro, imaxe, artes plásticas, cultura tradicional, encontros e outras actividades.
- b) Música: espectáculos dos diversos estilos musicais e, preferentemente, os programas de formación práctica musical.
- c) Deportes: gastos derivados de participación en competicións oficiais; tamén poderán ser obxecto de subvención os eventos deportivos especiais.
- d) Educación: serán subvencionables os cursos, seminarios e outras actividades relacionadas coa formación.
- e) Mocidade: fomento e implantación do asociacionismo.



- f) Terceira idade: actividades de fomento e implantación do asociacionismo no sector.
- g) Turismo social: aquelas actividades turísticas cun marcado obxecto cultural.
- h) Medio ambiente: cursos e actividades de sensibilización co medio ambiente.

## TERCEIRA.- BENEFICIARIOS. REQUISITOS

Poderán solicitar estas subvencións as persoas físicas, agrupacións de persoas físicas ou xurídicas, asociacións, as comunidades de bens ou calquera outra unidade económica ou patrimonio separado que, aínda non tendo personalidade xurídica, poidan levar a cabo os proxectos, actividades ou comportamentos ou se atopen na situación que motiva a concesión da subvención. As agrupacións sin personalidade xurídica deberán nomear un representante con poderes bastantes para cumprir as obrigas que, como beneficiario, corresponden á agrupación. As entidades solicitantes deberán os seguintes requisitos:

- Estar domiciliadas no municipio de Castroverde.

Excepcionalmente, cando a actividade teña interese social, económico ou humanitario para os veciños do municipio de Castroverde, poderanse conceder subvencións a entidades foráneas. A fundamentación do dito interese acreditarase mediante a achega dunha memoria para o efecto. En todo caso as actividades ou proxectos financiados a través de subvención municipal deben desenvolverse no termo municipal ou ir dirixidos ós veciños de Castroverde, e redundar nun beneficio para os seus cidadáns.

- Carecer de ánimo de lucro.

- Estar ó corrente das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social. No caso de agrupacións sen personalidade xurídica, este requisito deberá ser cumprido por tódolos seus integrantes.

- Non estar incurso en ningunha causa de prohibición de percepción de subvencións públicas das previstas no artigo 13 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións. No caso de agrupacións sen personalidade xurídica, este requisito deberá ser cumprido por tódolos seus integrantes.

- Ter debidamente xustificadas os gastos correspondentes a subvencións concedidas con anterioridade polo Concello de Castroverde, ou xustificación razoada do motivo do incumprimento da obriga de xustificar.

## CUARTA.- FINANCIAMENTO.

A contía máxima das subvencións convocadas será de 18.900, 00 euros, con cargo á partida 33.48 do orzamento municipal para o exercicio 2014.



## QUINTA.- FORMA E PRAZO DE PRESENTACIÓN DAS SOLICITUDES

1. As solicitudes dos interesados presentaranse no Rexistro Xeral do Concello de Castroverde, no **prazo de corenta días naturais** seguintes contados a partir do día seguinte ó da publicación do anuncio de convocatoria no Boletín Oficial da Provincia.

2. O interesado deberá acompañar á solicitude, a seguinte documentación:

- a) Solicitude en modelo normalizado (Anexo I) subscrita polo interesado, no caso de tratarse de persoa física, ou polo representante legal da asociación ou entidade, xunto co compromiso de destinar a subvención á execución do obxectivo, proxecto ou actividade solicitada.
- b) Á solicitude unirase a memoria explicativa do proxecto ou actividade a realizar, (Anexo II) . **No suposto de solicitude de subvención para diferentes actividades, deberán aportar o Anexo II para cada unha delas.**
- c) Fotocopia do NIF/CIF da persoa ou entidade solicitante e, se e o caso, documento acreditativo da representación que posúe na entidade ou asociación solicitante.
- d) Unha copia dos estatutos ou documentación acreditativa da personalidade xurídica da asociación ou entidade solicitante. Na copia dos estatutos deberá figurar o selo xustificativo da inscrición no rexistro público correspondente.

No suposto de que xa obren en poder desta Administración estarán exentos de presentar a copia, debendo aportar escrito asinado polo interesado manifestando que continúa nas mesmas circunstancias que no momento de aprobación dos estatutos.

e) Declaración responsable de non atoparse inhabilitado ou estar incurso en prohibición para acceder á condición de beneficiario de subvencións do Concello de Castroverde, de conformidade co establecido no artigo 10 da Lei 9/2007 de 13 de xuño de Subvencións de Galicia nin do artigo 13 da Lei 38/2003, Xeral de Subvencións. (ANEXO III)

f) Declaración responsable acreditativa de atoparse ó corrente no cumprimento das súas obrigas fronte tributarias, coa Seguridade Social e co Concello de Castroverde. (ANEXO III).

g) Declaración xurada das subvencións ou axudas solicitadas ou percibidas polo solicitante por parte doutras entidades públicas ou privadas, para o financiamento da actividade para a que se solicita a subvención.(ANEXO III)

h) Certificación bancaria na que figure o número de conta da entidade solicitante e na que solicita se lle ingrese a subvención.



# CONCELLO de CASTROVERDE

27120 CASTROVERDE (Lugo)

i) Calquera outro documento que se considere de interese para a mellora da avaliación da subvención. O Concello poderá solicitar, se así fora oportuno para a resolución do procedemento, calquera outro documento que estime conveniente.

No suposto de solicitude de subvención para diferentes actividades, deberán solicitarse por orde preferencial, e o Concello terá opción de elección para o caso de que non poida financiarlas todas.

3. Se a solicitude non reúne os requisitos ou non achega a documentación indicada requiriráselle ó interesado para que emende as deficiencias observadas no prazo máximo improrrogable de dez días hábiles, indicándolle que se non o fixese teráselle por desistido da súa petición, e arquivaranse o expediente sen máis trámites, tras a resolución ditada nos termos previstos no art. 71 da Lei de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.

## SEXTA.- PROCEDEMENTO

O procedemento para a concesión das subvencións previstas nas presentes bases axustaránse ó establecido na Ordenanza Xeral Municipal reguladora da concesión das subvencións.

1.- De conformidade co establecido na Ordenanza Xeral, o órgano competente para resolver o procedemento é a Xunta de Goberno Local.

2.- O prazo máximo para resolver e notificar a resolución do procedemento será de seis meses, contados a partir do día seguinte ó da publicación da convocatoria no BOP. Transcorrido o dito prazo sen que se adopte resolución expresa, poderase entender desestimada. A resolución porá fin á vía administrativa, e contra ela os interesados poderán interpoñer recurso de reposición ante o mesmo órgano ou ben, alternativamente, recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado Contencioso-Administrativo de Lugo.

3.- Non se admite a reformulación das solicitudes para os supostos nos que a subvención concedida sexa inferior á que figura na solicitude.

4.- A aceptación da subvención concedida entenderase efectuada se no prazo de quince días hábiles contados a partir do seguinte hábil ó da notificación non renunciaron a ela expresamente mediante escrito dirixido ó órgano concedente.

5.- Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención e, en todo caso, a obtención concorrente de subvencións doutras administracións públicas ou entidades privadas poderá dar lugar á modificación da resolución da concesión.



# CONCELLO de CASTROVERDE

27120 CASTROVERDE (Lugo)

## SÉTIMA.- CONTÍA E COMPATIBILIDADE DAS SUBVENCÍONS.

1.- As subvencións que se outorguen ó abeiro da presente convocatoria serán compatibles con outras para a mesma fin sen que en ningún caso o importe total subvencionado polo concello poida superar o 50% do custo total da actividade.

2.- En ningún caso o importe da subvención poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, supere o 90% do custo da actividade subvencionada. O 10% do gasto proposto e orzamentado no proxecto presentado deberá financiarse exclusivamente pola asociacion ou entidade.

3.- A contía máxima das subvencións que conceda o Concello será a seguinte:

- Actividades culturais: 1.500 €.
  
- Actividades deportivas 1.500 €.
- As subvencións solicitadas por persoa física, para actividades nas que participe únicamente o solicitante, co compromiso de publicitar o municipio: 300€,

No caso se existir sobrefinanciación o beneficiario deberá proceder ó reintegro da contía concedida polo Concello de Castroverde na cantidade que exceda do custo da actividade.

## OITAVA.- CRITERIOS DE VALORACIÓN.

Para a resolución da concesión da subvención e determinación da súa contía, teranse en conta os criterios obxectivos seguintes, relacionados por orde de importancia:

- Representatividade da Entidade no Municipio.
- Grao de interese xeral ou sectorial das actividades propostas.
- Número de beneficiarios das actividades propostas.
- Coordinación e complementariedade das actuacións propostas cos programas municipais.
- Carácter permanente ou periódico das actividades.
- No programa de actividades deportivas, número de licenzas federativas e categorías nas que se desenvolven as actividades.

No caso de que o crédito consignado na convocatoria fora suficiente, atendendo ao número de solicitudes presentadas, unha vez finalizado o prazo de presentación, non será preciso fixar unha orde de prelación entre as solicitudes presentadas que reúnan os requisitos establecidos.

O órgano competente poderá proceder ao rateo entre os beneficiarios da subvención, do importe global máximo destinado ás subvencións, ou ben a un reparto proporcional do mesmo.



# CONCELLO de CASTROVERDE

27120 CASTROVERDE (Lugo)

## NOVENA.- GASTOS SUBVENCIONABLES

Considéranse gastos subvencionables aqueles que de maneira indubitada respondan á natureza da actividade subvencionada e se realicen con anterioridade á finalización do período de xustificación.

En ningún caso terán o carácter de subvencionables os gastos derivados da adquisición de bens inmoebles, vehículos, equipos informáticos, maquinaria e en xeral aqueles bens que teñan a consideración de inversión ou equipamento. Tampouco serán obxecto de subvención os gastos financeiros, notariales, rexistrals, periciais, multas, sancións e recargos administrativas ou penales, nin os tributos directos a cargo dos beneficiarios, nin os gastos de manutención e aloxamento.

## DÉCIMA.- OBRIGAS DOS BENEFICIARIOS.

Son obrigas do beneficiario:

- a) Realiza-la actividade que motiva a concesión da subvención.
- b) Xustificar o cumprimento dos requisitos e condicións, así como a realización da actividade e o cumprimento da finalidade que determine a concesión ou disfrute da subvención.
- c) Someterse ás actuacións de comprobación a efectuar polo Concello, así como calquera outras de comprobación e control financeiro a realizar polos órganos de control competentes do Concello ou nacionais ou comunitarios, aportando canta información lles sexa requirida no exercicio das actuacións anteriores.
- d) Comunicar ao Concello a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas. Dita comunicación deberá efectuarse tan pronto como se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada ós fondos percibidos.
- e) Acreditar con anterioridade a ditarse a proposta de resolución de concesión que se encontra o corrente nas súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social.
- f) Facer constar en tódalas actividades que están subvencionadas polo Concello de Castroverde.
- g) Conservar os documentos xustificativos dos fondos recibidos.
- h) En xeral, as provistas no artigo 14 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

## UNDÉCIMA.- XUSTIFICACIÓN DAS ACTIVIDADES SUBVENCIONADAS.

1.- Concedida a subvención, e para proceder ó seu cobro, os beneficiarios deberán presentar no Rexistro do Concello a seguinte documentación acreditativa da realización da actividade, proxecto, obxectivo ou adopción do comportamento:

- Memoria explicativa e detallada da realización da totalidade do proxecto ou actividade, obxectivo ou adopción do comportamento, con expresa mención dos resultados obtidos.
- Facturas e demais documentos de valor probatorio equivalente con validez no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa, orixinais ou fotocopias compulsadas. As facturas deberán cumprir os requisitos do Real Decreto 1496/2003, polo que se regulan as obrigas de facturación. En particular, deberán figurar desglosados os diferentes conceptos e os seus prezos unitarios, así como



# CONCELLO de CASTROVERDE

27120 CASTROVERDE (Lugo)

- a base imponible, o tipo de IVE aplicado e a cuota de IVE correspondente. **Non será subvencionable o importe do IVE.**

No suposto de xustificacións con fotocopias debidamente compulsadas, será requisito previo á compulsa incorporar no documento orixinal a seguinte dilixencia: “ *A presente factura foi presentada no Concello de Castrolverde para os efectos de xustificar a subvención.*”

A non presentación en prazo e forma da xustificación suporá a perda total da subvención concedida.

2.- O prazo de presentación da xustificación rematará o día 15 de novembro de 2014. Excepcionalmente, cando pola duración das actividades obxecto de subvención, ou polas datas de realización das mesmas non se poida presentar a conta xustificativa no dito prazo, o beneficiario deberá comunicar ó Concello tal circunstancia, indicando as razóns que impiden a presentación e a data máxima na que se poderá presentar a conta xustificativa. A Xunta de Goberno, á vista da comunicación do beneficiario, e valorando as circunstancias individuais, poderá autorizar un prazo maior de xustificación.

3.- As entidades beneficiarias deberán presentar xustificante, como mínimo, pola totalidade dos gastos do presuposto de cada unha das actividades subvencionadas. En todo caso, o importe dos gastos que se xustifiquen documentalmente deberá ser igual ou

superior ao 50% da subvención concedida polo Concello. Os xustificantes dos gastos deberán corresponder ós gastos ocasionados para o cumprimento das actividades e das finalidades para as que foi concedida a subvención, non admitíndose gastos realizados para finalidades ou actividades diferentes ou que non garden relación directa coas actividades subvencionadas, nin a imputación de gastos indirectos, xerais ou de estrutura. A estes efectos teranse en conta os conceptos que figuren nas facturas ou documentos xustificativos dos gastos e no orzamento presentado na solicitude de subvención.

4.- A xustificación de gastos de persoal realizarase mediante nóminas asinadas polo preceptor e TC1 e TC2 acompañados dos xustificantes de pagamento.

5.- No caso de que a xustificación presentada presentase defectos ou erros, darase ó beneficiario un prazo de 10 días para a súa subsanación. De non presentarse a subsanación, terase por non presentada a xustificación, sin que se produza interrupción algunha do prazo de xustificación, e quedando o beneficiario a presentar uha nova conta xustificativa de acordo coas presentes Bases.

6.- No caso de que os gastos xustificados sexan inferiores ó presuposto da actividade, tal e como se definen non apartado terceiro desta base, a contía da subvención reducirase ata acadar o 50% por cento dos gastos xustificados.



# CONCELLO de CASTROVERDE

27120 CASTROVERDE (Lugo)

7.- A xustificación será aprobada polo órgano concedente da subvención, a proposta do Concelleiro/a Delegado de Área.

8.- A data límite para xustificala subvención concedida será a do 15 de novembro do exercicio económico correspondente á súa concesión. No caso de non presentala xustificación dentro deste prazo, incoarase expediente de anulación do correspondente compromiso que conlevará a perda do dereito de cobro da subvención.

9.- Non se realizarán pagos a conta nin anticipados.

En todo o non previsto nas presentes Bases, estarase ó disposto na lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, lei 9/2007, de subvencións de Galicia, e Ordenanza Xeral de Subvencións deste concello , e demais disposicións sobre a materia.

Concelleira Delegada de Cultura, Educación, Xuventude e Deporte.



M<sup>a</sup> Pilar Ferreiro Villar